

# “CUARTO SEN ASCENSOR”

**"Unha produción de Televisión de Galicia realizada por La Región, en colaboración con Filmanova".**



## REPARTO

**Xúlio Abonjo (Sebas)**  
**Cristina Castaño (Lucía)**  
**Jose Barato (Fran)**  
**Mónica Camaño (Ana)**  
**Xoán Carlos Mejuto (Diego)**  
**César Goldi (Raúl)**  
**Laura Ponte (Maruxa)**  
**Pepe Soto (Pedro)**

## DIRECCIÓN

**Beatriz del Monte**

Produtores executivos  
**Beatriz del Monte**  
**Xosé Morais**

Idea original  
**Xosé Morais**  
**Ramón Campos**

Dirección artística  
**Alexandra Fernández**

Dirección de fotografía  
**David Arribas**  
**Javier Castrejón**

Realización  
**Toño López**

Canción cabeceira do grupo  
**Cambio de planes**

Edición de guións  
**Xosé Morais**  
**Carlos Portela**

Argumentos e Diálogos  
**Xosé Morais**  
**Ramón Campos**  
**David Ríos**  
**Marián Fernández**  
**Michael Cassidy**  
**Fran Velo**  
**Antón Moure**  
**Araceli G. Cabreira**  
**Fernando Rodríguez**

## FORMATO

Serie de ficción producida por LA REGIÓN en colaboración con FILMANOVA para TELEVISIÓN DE GALICIA, en soporte de betacam dixital para a súa emisión por televisión, de 26 capítulos cunha duración aproximada de 60 minutos.

Cada capítulo grávase en directo, con público, nun día ( os xoves de cada semana ). Polo tanto a gravación total extenderáse durante 26 semanas.

## ACTORES

A serie consta de 8 actores fixos e algúns episódicos que aparecerán en capítulos concretos.

Os tres actores principais son dous rapaces e unha rapaza que rondan os vintecinco anos. Acompañanlles un matrimonio veciño duns trinta e tantos e o dono do bar que frecuentan.

Para completar o elenco están os pais dun dos protagonistas que aparecen recurrentemente na casa do fillo.

## LUGARES DE GRABACIÓN

Os decorados constan de 4 sets en liña: a casa dos protagonistas, o descansillo da escalera, o piso dos veciños e o bar que frecuentan.

Fronte ós decorados instaláronse gradas para acacoller ata un máximo de 100 personas que asistirán o día da gravación de cada capítulo.

**FRAN – Jose Barato**

25 anos. Orixe urbano.

Estudia (en realidade non) empresariais. Non traballa.

É algo golfo, gorrón, manipulador, calculador, materialista, pillo, timador, liante... Fai un humor con intención... ás veces pásase máis do que quixera porque no fondo (moi no fondo) ten bo corazón. Nunca vai a clase. Non estudia. É moi intelixente e sabe que o é, é dos que as ve vir. Vive ó día. A súa debilidade? Lucía. Por ela é capaz de ser absolutamente “bo” pero sempre disimulándoo, porque, ó fin e o cabo, sae coa mellor amiga de Lucía.

**LUCÍA – Cristina Castaño**

24 anos. Orixe rural pero leva tempo na cidade.

Estudia psicoloxía. Traballa como camareira no Bulebar.

É a rapaza pretendidamente intelixente, lista, culta, responsable, estudiosa, traballadora, preocupada polo futuro... pero... maniática, puntillosa, inestable (pero o disimula ben), con debilidades que ás veces non pode disimular: quere ser perfecta, pero non o é. Ten unha loita con Fran nalgo que ambos comparten: a necesidade de ter a última palabra cando discuten.

**SEBAS – Xúlio Abonjo**

24 anos. Orixe rural idéntico ó de Lucía pero leva xa uns anos en contacto coa facultade, indo e vindo da vila á cidade.

Estudia medicina.

Algo inxenuo, tímido, despistado, torpe, nervioso, un tipo desubicado, ás veces alucinado ou sorprendido polas cousas, un tipo que está aprendendo a vivir na cidade. Moi estudioso. É un pouco inocente, pero nada tonto, a pesares dos seus nervios ten ás veces esa sabedoría que lle ven da súa orixe, na vila, afeito a estar rodeado de “cans vellos” que as saben todas. Pero é básicamente bo, zoupón, neurótico, hipocondriaco, impresionable... pero ollo, non tonto. Déixase levar porque lle falta carácter. Ese é o seu principal talón de Aquiles: a falta de carácter, de capacidade de decisión, de aplomo.

Respecto á súa nai, débatese entre querela (un Edipo irremediable) e non aturala.

**RAUL – César Goldi**

50 anos. É o dono do Bulebar.

Lacónico., Fala pouco pero o pouco que di é contundente, sempre acertado. Ás veces inicia el unha broma, pero cunha seriedade realmente desconcertante. Sabe de todo (ás veces sorprendentemente de todo). Non é cotilla, pero se escoita unha conversa (ó fin e o cabo está detrás da barra) pode intervir no momento xusto coa palabra adecuada para deixalos a todos de xeo.

**ANA – Mónica Camaño**

40 anos. Orixe urbana.

Estudou Belas Artes. É ama de casa e profesora de manualidades.

Almodovariana. Ama de casa frustrada, nerviosa de carácter. Espiritual, con pretensións artísticas, desexando sempre cousas novas, vivir unha vida “alternativa”... É susceptible, MOI susceptible. E salta con facilidade. Fala moito. Fala de máis. Gústalle dar consellos ós rapaces... xeralmente malos.

**DIEGO – Xoán Carlos Mejuto**

40 anos. Orixe urbana.

Estudou dereito. Traballa vendendo seguros.

Cuarentón en crise. Convencional, burgués, pragmático. Leva unha vida gris. Vive entre evitar ser un calzonazos e ter que aguantar a Ana, por moito que a queira. Funciona por acción-reacción con Ana. Susceptible, como ela. Cabreable, como ela, pero cede antes. Tamén é un discutidor nato, pero peor que Ana; el adopta fórmulas máis torpes para defenderse: Como Ana, gústalle dar consellos ós rapaces e os consellos tamén soen ser malos.

**MARUXA – Laura Ponte**

---

55 anos. Orixe: Rural. Ama de casa.

Clarísima. Matriarca mandona que sempre ten a razón e non escoita nin admite que lle leven a contra. Pensa que a cidade é Sodoma e Gomorra. Superprotectora, conservadora, cun carácter de ciclón. Imparable.

**PEDRO – Pepe Soto**

---

55 anos. Orixe: Ídem que Maruxa.

Leiteiro.

Un calzonazos. A vítima de Maruxa. Nunca lle deixan acabar unha frase, sempre está canso, sempre en segundo plano, pero cando non está Maruxa diante, Pedro destápase para intentar gañar certo orgullo ante os demais... normalmente dura pouco tempo porque aparece Maruxa.

*Documento distribuído por [Culturagalega.org](http://www.culturagalega.org)*

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

15705 Santiago de Compostela

*Autoría*

Filmanova S.L.

[http://www.culturagalega.org/avg/entidades\\_detalle.php?Cod\\_cmpna=33&busca=Filmanova](http://www.culturagalega.org/avg/entidades_detalle.php?Cod_cmpna=33&busca=Filmanova)